

## Curso de italiano. Nivel A2

Organízanse dous tipos de cursos, cuadrimestrais e intensivos:

**TIPO: Cuadrimestral**

DURACIÓN: 60 horas

LUGAR: Campus de Vigo.

EXAME: realízase un exame de nivel ao finalizar o cuadrimestre.

**TIPO: Intensivo.** Os cursos intensivos organízanse principalmente no período estival.

DURACIÓN: 60 horas

LUGAR: Campus de Vigo.

EXAME: exame de nivel ao finalizar o curso.

### **Obxectivos**

Adquirir coñecementos básicos de lingua italiana. Dirixido a persoas con coñecementos previos da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel A2 adquírese cando o/a estudante é capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.); cando sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais; e cando sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e a súa contorna, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

### **Como acceder**

Nivel A2: ter coñecementos básicos da lingua, ter cursado A1 ou realización de proba de nivel.

### **Certificados**

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

## **Prezos por cuadrimestre**

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 234 €

Público en xeral: 285 €

## **Prezos curso intensivo**

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo):234 €

Público en xeral: 285 €

## **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.